

COMUNICADO Nº 240/22 25 DE OUTUBRO DE 2022

COMISIÓN DE MONTAÑA -CAMBIOS NA REGULARIDADE PARA A TEMPADA 2023

AGR. 8: REGULARIDADE SPORT (CAMPIONATO DE GALICIA INDIVIDUAL)

- 1-.As subidas desenrolaranse en **tres mangas o sábado e tres o domingo**, puntuando as seis mangas. Escolleráse **a mellor do sábado e a mellor do domingo**; sumándoas para o computo total e final.
- 2-. Alomenos teráse que finalizar unha manga cada día, e tomar saída en dúas mangas cada día
- 3-. Os tempos, na tempada 2023, serán publicados ao igual que na velocidade “online”.
- 4-.A saída e a chegada penalizaráse a milésima, ao igual que os tres puntos (mínimos) de controis intermedios.
- 5-. A inscrición aumentará o prezo do GPS (30€ I.V.E. incluído) sendo 170€ + 30€ =200€
- 6-. Anúlase a Regularidade 50 Qms.
- 7-. Deterse no treito pode significar a exclusión inmediata, salvo avaría ou causa de forza maior, a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos e con control exhaustivo polo GPS.
- 8.- Adiantarse 10 segundos ao tempo establecido en meta é exclusión do meeting.
- 9-. Facer condución irregular, subindo ou baixando, será controlado por GPS e pode supoñer exclusión do meeting, a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos.
- 10-. O Campionato será de seis probas e descontarásese unha proba para o computo total final do Campionato.
- 11-. Facer caso omiso dos avisos reiterados do GPS pode ser motivo de exclusión, en aras dunha maior seguridade, e dun maior control no eido deportivo do meeting.
- 12-. Os premios en metálico serán ao igual que na tempada de 2022, tendo que entregarse trofeos a piloto e copiloto individualmente.

PREMIOS POR PROBA: en Regularidade Sport 80 Qm/h.:

De 6 ata 9 participantes:

Regularidade Sport 80 Qm/h.

- 1º 150 € e Trofeos **piloto e copiloto.**
- 2º 100 € e Trofeos **piloto e copiloto**
- 3º 50 € e Trofeos **piloto e copiloto**

de 10 a 19 participantes:

Regularidade Sport 80 Qm/h.

- 1º 200 € e Trofeos **piloto e copiloto**
- 2º 150 € e Trofeos **piloto e copiloto**
- 3º 100 € e Trofeos **piloto e copiloto**
- 4º 50 €

Con 20 ou máis participantes:

Regularidade Sport 80 Qm/h.

- 1º 350 € e Trofeos **piloto e copiloto**
- 2º 300 € e Trofeos **piloto e copiloto**
- 3º 200 € e Trofeos **piloto e copiloto**
- 4º 100 €
- 5º 50 €

COMISIÓN DE MONTAÑA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO



**FEDERACIÓN GALEGA
DE AUTOMOBILISMO**